

Con Susan Kirkpatrick en Lugo

Olga Novo

A finais do pasado mes de xuño celebrouse en Lugo un encontro internacional de mulleres escritoras dirixido pola profesora e ensaísta Carmen Blanco. Con este motivo reuníronse en Lugo numerosas especialistas na materia, procedentes de diversas universidades españolas así como americanas. Entre as últimas, Susana Reisz e Ellen Engelson Marson da Universidade da Cidade de Nova York, Kathleen N. March da Universidade de Maine, Linda Gould Levine da do Estado de Nova Jersey e Susan Kirkpatrick da de California, San Diego.

Susan Kirkpatrick naceu no estado de Wyoming (U.S.A). Actualmente é profesora do Departamento de Literatura Española e Comparada da Universidade de California, San Diego e directora do Women's Studies Program. Como especialista no romanticismo e na crítica feminista, publicou os libros *Larra: El laberinto inextricable de un romántico liberal* (1977), *Las románticas: Womens Writers and Subjectivity in Spain* (1989), traducido ó castelán como *Las románticas: Escritoras y subjetividad en España, 1835-1850* (1991), e *Antología poética de escritoras del siglo XIX* (1992). A súa tese de doutoramento centrouse en Valle-Inclán, sobre o que ademais publicou artigos así como sobre Larra, o romanticismo liberal, o costumismo ou o realismo en Galdós. En canto á escrita feminina romántica e decimonónica en xeral, colaborou en diversas obras colectivas e revistas especializadas con traballos en torno a Fernán Caballero, Carolina Coronado, Gertrudis Gómez de Avellaneda e Rosalía de Castro. Cómpre destacar neste ámbito, os estudos «La 'hermandad lírica' de la década de 1840", incluído en *Escritoras románticas españolas*, volume editado por Marina Mayoral; «La narrativa de la seducción y la subjetividad femenina en la novela decimonónica española», inserido na edición de Giuliana Colaizzi *Feminismo y teoría del discurso*, e «Carolina Coronado», introducido na edición *Spanish Women Writers* de Linda Gould Levine, Ellen Engelson Marson e Gloria Feiman Waldman. Da literatura do século XX estudiou a Rosa Chacel. Neste momento as súas investigacións céntranse na literatura da fin de século.

Así pois, no seo deste encontro lucense falamos con Susan Kirkpatrick, á que agradezo sinceramente a cordial aceptación ó meu ofrecemento. Eis logo o que foi a nosa charla, que nós traducimos do castelán:

- *A túa tese centrouse na figura de Valle-Inclán, ¿pensas volver sobre este tema?*

Creo que si, nun traballo que estou comezando sobre o feminismo e fin de século, a propósito do cal considero necesaria a presenza de Valle, fundamentalmente o seu libro de contos pero realmente este autor galego presenta gran dificultade polo factor irónico puxante na súa obra.

- *Hai vinte anos viñeches a Galicia, ¿aportou algo esta viaxe á túa tese?*

Realmente non aportou nada en concreto pero si por suposto en termos xerais. O que me empurrou a estas terras foi coñecer *in situ* o ambiente do que procedía Valle-Inclán, onde vivira, esa paisaxe de «cruceiros» e campos onde transcorren as comedias bárbaras. Todo isto axudoume globalmente aínda que non desde un punto de vista analítico posto que xa tivera acceso ás fontes de estudio.

- *A figura do trobador galego Macías, ¿representa unha especial conexión con Galicia?*

A verdade é que nunca pensara en Macías nese sentido. Víaio máis como unha figura imaxinativa, na que Larra se centrara nunha comedia concreta, desde logo interesante pero sen transcender a motivos galaicos.

- *¿De onde vén ese interese polo romanticismo español? ¿Cabería falar incluso de «paixón»?*

Creo que non. En certo modo xurdiu da necesidade de presentar unha obra para obter a titularidade. Así pois, desde o comezo o director da miña disertación empuxoume a facer da miña tese sobre Valle-Inclán un libro pero funme decatando da enorme produción de estudos aparecidos desde que abandonara o tema, polo que me pareceu pouco conveniente abordalo de novo.

Por outra parte, nas miñas clases empecei a ensinar a Larra, e en certo sentido recoñezo que me gusta a sátira, a ironía, no que ademais atopaba semellanzas con Valle. A bibliografía sobre Larra era escasa e nunca fora traducido ó inglés, eu quería tentalo no tempo libre pero foime practicamente imposible. E a introducción ó meu estudio chegou a ser un libro. Nese momento foi cando si me empezou a interesar moito o romanticismo. O español presentábase como problema xa que non ofrecía a mesma diversidade có inglés, sobre o que traballara e que nos meus anos estudiantís chegara a apaixonarme verdadeiramente. Mais nese momento comezaba a interesarme a literatura escrita por mulleres. A confluencia destes intereses ofreceume a descuberta dunha escrita romántica feminina, no seo dunha «irmandade» de mulleres solidarias decimonónicas.

- *Seguindo co romanticismo, ¿pensaches en volver sobre Larra?*

Se ben na obra *Las Románticas* fago alusións a Larra, porque en efecto, a conexión coas mulleres e o seu tratamento é un punto de estudio interesante, non creo que volva sobre Larra de momento.

- *Entre tódalas románticas, ¿por que un especial interese por Carolina Coronado e por Gertrudis Gómez de Avellaneda?*

Elas eran, en primeiro lugar as pioneiras xunto con Josepa Massanés, pero a poesía desta non chegou a ter tanta resonancia na literatura española aínda que si na catalana. Ademais posuían maior complexidade no formulación crítica da escritura feminina.

- *¿En que medida Rosalía de Castro supuxo a superación do «anxo do fogar» con respecto ás súas contemporáneas?*

Ela non se pechaba nos límites do anxo do fogar. É obvio que aínda partindo do vocabulario, etc, desta poesía feminina romántica, afástase na expresión do desexo erótico e na da angustia, o desafoego, a dor, que sendo o tema predilecto destas escritoras, en Rosalía raia na loucura. As nubes que corren desenguedelladas, as imaxes de dispersión chegan a unha maior profundidade incluso lingüísticamente, transcendendo os moldes.

- *A inhibición no tema amoroso das románticas que se rompe en poemas de exaltación a outras mulleres, ¿suporía o nacemento dunha certa conciencia feminista?*

Eu creo que na expresión da empatía e da simpatía chegan a isto en certo modo ó recoñecer que o seu sufrimento común procede dunha opresión social. García Miranda mantén que a muller debe alzarse contra estas inhibicións. Comparten un destino, certo sentimento de claustrofobia, polo que se podería dicir que se sitúan nas orixes do que desembocaría en feminismo, que se encamiñan con esta base de solidariedade cara a unha conciencia deste tipo pero non chegan sequera a analizar as causas do seu malestar. Penso que tamén na súa vida cotiá, as mulleres vivían nun ámbito centrado na feminidade, estreitas relacións entre elas, realización de labores conxuntos, a pesar de que o seu estado social dependese dun home. A súa formación ancorábase nese apoio e polo tanto translócese na súa escritura.

- *¿A figura de Ana Ozores sería un claro exemplo desa imposición social do anxo doméstico?*

La Regenta é un caso complicado, unha novela bastante contradictoria. Por unha banda a primeira parte parece demostrar claramente que a sociedade impón a Ana Ozores unha serie de condicionantes, como o do matrimonio que persoalmente non lle convén, a represión da súa vocación literaria. Pero Clarín preséntanola nunha gran efervescencia de desexos frustrados e así logra que o lector empatice con Ana e sintamos o que ela sofre como unha opresión e que impide o seu propio desenvolvemento. O escritor fai da protagonista finalmente unha muller neurótica, pero non queda tan claro que isto lle veña dado polo marco social. Para Clarín, esta neurose é parte da súa condición de muller. Pero ata este misoxinismo é incluso ruptura con ese canon do anxo, posto que o devandito modelo de muller nunca podería ter unha neurose e por suposto tampouco desexos sexuais.

- *¿Como reconciliaban estas escritoras románticas a súa identidade de muller coa súa vocación literaria?*

A unha pregunta tan interesante gustárame ter tamén unha interesante resposta, pero sabemos moi pouco sobre o tema. Posuímos algunhas cartas de Carolina Coronado

pero hai outras das que non sabemos nada. Un caso obvio é o da mesma Rosalía dado que as súas cartas foron queimadas. O caso de Coronado é paradigmático: cando ela casou incluso podía ter algún tipo de apoio. Ademais posuía unha gran vontade e era moi manipuladora, logrando que a deixaran escribir. Iso si, ó casar deixou esta actividade. Como dicía, trátase dun caso paradigmático, así pódese afirmar que a maioría das mulleres desenvolvían a súa obra, ben antes de casar, se non tiñan fillos ou logo de enviuvaren, como Fernán Caballero. O rol de nai, esposa, ama da casa non compaxinaba co exercicio intelectual. Así, se pensamos nas autoras máis prolíficas como Angela Grassi, observaremos que nunca tivo fillos.

- *Posto que nas románticas se produce unha represión do pulo paixonal, ¿que temáticas canalizarían este impulso?*

Fundamentalmente desenvólvese un tipo de poesía de exaltación a outras mulleres, a chamada temática da amizade. Pero eu tentei tratar o tema con sumo coidado para non impor as nosas ideas de relacións eróticas nas formas do XIX, posto que sofren cambios historicamente e sería acronolóxico falar de lesbianismo, un concepto inexistente por outra parte nese tempo. A amizade feminina, admitida sen ningunha idea de perversión, era naturalmente apaixonadísima e incluso sensual. Desde logo estas poetas gozaban de maior liberdade á hora de colocar como destinatario poético o suxeito feminino.

- *¿Cres que a subxectividade feminina é un legado do romanticismo ó realismo?*

Esa precisamente é a miña hipótese. Como analoxía, pensando no costumismo, este tiña que existir antes que o realismo porque comezaba a textualizar as novas formas de vida e as que ían desaparecendo e só entón esta textualización podía servir de precedente á novela realista. Neste senso penso que tamén a textualización da subxectividade feminina supuxo certa base, aínda que superficialmente, posto que como acabamos de ver con *La Regenta*, as novelas realistas rompían as imaxes tradicionais poéticas. Pero no caso das poetas máis profundas deixaban ver aspectos da psicoloxía feminina e é importante sinalar a aparición da muller como suxeito individual, que se enfronta cunha sociedade que non deixa a este individuo emanciparse da súa tutela, que vén ser o gran tema da novela realista. Por poñer un exemplo, cando Galdós se quere referir alegoricamente a España e á loita para modernizala, utiliza unha figura feminina. Entón penso que esta poesía que trataba das dificultades do suxeito feminino para existir plenamente vén sendo un precedente da novela realista. Eu ademais non estou convencida de que Galdós lera a Gertrudis Gómez de Avellaneda ou Carolina Coronado e a Fernán Caballero, pero isto non ten moito interese para a miña tese, o que eu quería salientar é a importancia e a centralidade da escritura de mulleres para un xénero tan canónico como é a novela realista.

- *¿A ambivalencia na identidade feminina en Böhl de Faber impediríalle ser a pioneira na novela realista española?*

Nas miñas reflexións acerca de *La Gaviota* cheguei á conclusión de que é posible que esta indefinición non propiciase o carácter fundacional da súa obra. Era unha muller de grandes contradicións e en parte isto está ben porque impulsan á escritora a expresalas ou resolvelas metaforicamente a través da linguaxe pero en Caballero son

tales que non permiten o acceso ás súas profundidades e polo tanto a súa ansiedade ou digamos a súa angustia en confrontación coa súa ambición, provocan unha autocensura que lle impide realizarse plenamente.

- *Xa no século XX, ¿por que ese interese por Rosa Chacel? ¿E por Borges?*

Moitas veces a dirección en que un traballa vén determinada por diferentes motivos. Hai unha editorial americana que iniciou a tradución dalgunhas escritoras europeas, entón pedíronme que eu dirixira a rama de literatura española. Buscaba escritoras españolas máis ou menos contemporáneas que non foran aínda traducidas ó inglés. Nesta busca atopeime con que Rosa Chacel cumpría este requisito e eu mesma elaborei a introducción presentativa á tradución doutro colaborador. Este primeiro achegamento espertou en min un gran interese porque estabamos nun momento de reclamo das escritoras modernistas, sendo Rosa Chacel unha delas, ademais inserida nun grupo maioritariamente masculino e por isto desprestixiada.

Por outra parte, a dedicación a Borges nun pequeno artigo xurdiu a raíz da utilización dos seus contos nas clases para o ensino da lingua española, dado que resulta moi didáctico. E neste emprego pedagóxico baseei o meu artigo.

- *¿Que é o Womens Studies Program?*

Xa nos anos setenta houbo reivindicacións nas universidades norteamericanas para establecer programas de estudos da muller e algúns dos máis importantes puxéronse en marcha neses anos. Pero na Universidade de California en San Diego, nunca prosperaron estas iniciativas. Xa na década dos oitenta conseguimos introducir nunha especialidade secundaria (que consta de tres cursos en cada un dos dous ciclos podendo abarcar estudos de historia, socioloxía, etc...) o estudo da muller pero sen dispoñer dun departamento ou cátedra. Neste sentido organizouse un programa que como tal requiría un director/a, que neste caso son eu, e unha serie de departamentos colaboradores. Polo momento, está concibido cunha duración de dous anos e xa tivemos dous grupos de estudantes, entre os cales contamos xa con corenta especialistas. O noso obxectivo máis inmediato é quizais a organización dun programa de postgraduado. Desde logo é un traballo moi grato no que todos colaboramos con entusiasmo e polo seu carácter interdisciplinar moi atractivo tamén para os estudantes.

Olga Novo